

Primavera das Letras 2024



Violino, Inglesa
e o libro xigante.
Pequena biografía de Luisa Villalta



REAL ACADEMIA GALEGA



Deputación
DA CORUÑA

Unha historia de **Xoán Babarro** e **Ana María Fernández**

Ilustracións de **Óscar Villán**



Había unha vez...

Un fermoso pazo encantado que, grazas a unha maxia secreta, da noite para a mañá, transformou a súa fachada nun libro xigante.

—Oh! Fixádevos que edificio máis raro!

As persoas que por alí pasaban sorprendíanse ante tal feito e lían con curiosidade o título daquela casa-libro: O LIBRO DE LUÍSA VILLALTA. Axiña a vista lles escapou cara a un espectacular esvaradoiro cunha advertencia: «Saída de emerxencia. Risco de trompazo».

De pronto, asomou por un lateral unha guitarra inglesa, enchendo os arredores con notas alegres da «Alborada» de Rosalía de Castro:

Canta!,
paxariño, can-
ta-de ponliña en pon-
la-que o sol se levan-
ta-polo monte ver-
de-polo verde mon-
te-alegando as her-
bas-alegando as fon-
tes...!

Este cantar congregou tantas persoas que, rematada a peza, se oíu un rebulicio de aplausos, mentres berraban con entusiasmo contaxioso:

—Bravo!

—Espectacular!

—Sorprenidente!

Os nenos e as nenas presentes comezaron a remexer nos petos dos maiores...

—Non vos preocupedes. Non pido propina —dixo a guitarra—. Eu son Inglesa, a guitarra que tocaba Rosalía, e ando polo mundo presentando a festa da nosas letras. E, como vos vin con tanto abraio ante este libro, imaxino que vos gustaría saber que esconde no interior e quen mellor volo pode explicar é un amigo meu. Queredes que o avise?

—Si, por favor! —dixo un neno morto de curiosidade.

—Violino! Por onde andas? Ven, que tes clientela! —berrou Inglesa.

—Mentres se capa non se asubía! Xa vou! —escoitouse unha voz que viña do interior do libro xigante.


Nestas, comezou a soar unha melodía, abriuse a porta principal e apareceu Violino declamando uns versos:

*Andei por Santiago
pisando estrelas
na noite.*

Deseguido presentouse como un virtuoso da música:

—Ola, Inglesa! Ola, amigas e amigos! Eu son o violín de Luísa Villalta e estou traballando de guía neste pazo enfeitizado. Ben sabes que este ano a Real Academia Galega lle dedica o Día das Letras Galegas á miña amiga da alma. Así pois, quen queira coñecela que me siga!

—Esta tempada non para! Chóvenlle moreas de contratos! —comentou Inglesa ao entraren Violino e mais ela cun grupo de xente no pazo.



Sala 1



—Atención! Empezamos a visita! —avisou Violino—. Luísa Villalta Gómez naceu na Coruña, no barrio da Falperra, o 15 de xullo de 1957 e faleceu na mesma cidade o 6 de marzo de 2004. Sabedes restar? Pois calculade os anos que viviu.

—Corenta e seis! —berrou unha nena de ollos verdes e pelo escuro, á que se lle daban moi ben os números.

—Morreu moi nova, a verdade! E iso é moi triste, así que imos falar doutras cousas. Sigamos... O seu pai chamábase Rafael e a súa nai chámase María. Coma tantas nenas e tantos nenos, foi medrando entre axóuxeres, larpeiradas, xogos e risas. E un día empezou a ir á escola nun centro que lle quedaba bastante cerca da casa, o colexio das Xosefinas, na rúa Juan Flórez. E non moi lonxe fixo máis tarde o bacharelato, no instituto Eusebio da Guarda.



Violino decatouse de que un dos visitantes estaba nos biosbardos e quixo atraer a súa atención. Beliscou unha corda coma quen belisca o propio nariz e instantáneo soou unha nota aguda.

—É un pizzicato —aclarou Inglesa, que sabía moito de instrumentos de corda.

O home despistado pediu desculpas cun xesto e un sorriso. De repente, coma se aquela páxina xigante fose un carrusel de festa que os ía levando, sentiron gritos ledos e viron a Luísa nena enredando no patio de recreo, na casa, no parque... Coas amigas, cos amigos, coa súa irmá Susana, máis nova ca ela...

*Salto a rebentar da rúa mesma, dun lado ao outro,
coa corda da barca da Raíña dos Mares, impulso
un bambán que se saía das horas.*


—Hai alguén disposto a choutar comigo? —convidou de súpeto Violino.

E comezou a brincadeira:

Son o novo rei dos Mares
Tamén salto a rebentar
Acompaño a Luísa
nos seus poemas ao MAR.
Abofé, pronto o ides ver.
Deixo o meu arco no chan
e despois vólvoo coller.

Violino volveu beliscar outra corda, sentiuse unha nota grave e deseguido falou con decisión:

—Alto! Remata o xogo! Cambio de sala!



Sala 2



Un vento lacazán e inesperado, que traía recendo a mar, empuxou todas e todos os visitantes cara a un porto ategado de embarcacións. En fronte, mirando ao porto, fermosos edificios con imponentes galerías. Homes e mulleres, nenas e nenos, os visitantes todos estaban máis preocupados de termar dos seus cabelos revolucionados ca do guía que non paraba de falar:

—Velaquí estamos, nunha poboación que se presenta acompañada polos ventos dos catro puntos cardinais. E, falando de ventos, atención!

Violino fixo soar unha terceira corda, beliscándoa cos seus dedos feiticeiros.

—Outro pizzicato! —emeñouse en aclarar Inglesa outra vez.

Daquela, Violino falou nostáxico:

—Luísa quíxolle tanto á cidade na que naceu que para ela dicir «Cidade Alta» ou «Cidade» era coma dicir A Coruña:

*Os vellos alí tan vellos
supervisaban o declive do sol
na galería máis xenerosa da Cidade*

—Uf, que frío! —queixouse un neno que ía en camiseta de asas.

—Ah! —segiu a falar Violino—. Non vaidades pensar que cando escribía só o facía para os da Coruña. Ela pensaba en Galicia e no mundo enteiro. Un día escribiu: «Non me compoño de partes senón de todos». Importáballe a ecoloxía, os dereitos das nenas e das mulleres, a paz no mundo...

—É verdade —cortouno Inglesa—. Tamén lle gustaba o pan de Carral, os queixos de Cambre, o peixe de Muros e Vigo...



Escoitouse un atronador pizzicato de protesta.

—Xa vale, Inglesa —falou amolado Violino—; déixame a min, que por algo a acompañei moito tempo nas súas aventuras poético-musicais. E agora, queridos e queridas, tarará-tatá-tarará-tachín!, imos entrar no País da Música. Pero, antes, tédesme que resolver esta adiviña:

Sete amiguiñas funambulistas;
para acertalas, sobran as pistas.
Quen serán?

—Os ananiños de Brancaneves?

—Os días da semana?


Violino sorría e negaba coa cabeza.

—Non reparades en que dixo «pistas»? As pistas son o pentagrama. Refírese ás notas musicais! —desvelou Inglesa.

—Ai, miña amiga, ti nin cun esparadrapo na boca calas!

—Que frío! Entremos na próxima sala, a ver se está máis quente —pediu a nena dos ollos verdes para acalmar a discusión—. Este vento do norte está chegando cargado de friaxe. Abriguémonos!

*Vento que vén de vez e pasa marmexando (norte, norte)
nos ouvidos (norte)
e move a luz do Faro en catavento.*



Sala 3



—Ai, que alivio! —dixo a nena pacifista.

Cando Violino ía beliscar as cordas coma quen belisca o nariz, xa todo o mundo calou de vez. Daquela proseguíu:

—Luísa era moi aplicada e traballadora —a rapaciña de ollos de loureiro e pelo escuro sorriu fachendosa, coma se falasen dela—. Fixádevos que, ao tempo de realizar os diferentes cursos no colexio, no instituto e na universidade, tamén asistiu ao conservatorio. Si, con oito anos comezou a estudar no Conservatorio Superior de Música da Coruña.

—Caramba! —asombrouse unha señora maior que case non puidera ir á escola.

—Ah! E outro detalle: de pequena, ata chegou a traballar de extra nalgunha ópera! Que vos parece? Tanto se aplicou, que acabou especializándose en violín. E eu, Violino, pasei a ser o seu amigo inseparable.

—Que sorte tiveches! —escapoulle a Inglesa.

—Teríana os dous! —porfiou a cativa de ollos verdes, observadora e falangureira.

—Pois si. Xuntos formamos parte de grupos de música de cámara, da Orquestra de Santiago de Compostela e mais da Xove Orquestra de Galicia, demos recitais... Chulo, eh? Pero, claro, tivemos que adestrar un montón. Como dicía ela:

Ensaíamos todos os días, fatigando a repetición e descubriendo as pequenas xemas escondidas. Repetir, repetir, repetir, repetir, outra vez, un día e os seguintes.

—E quen mellor ca ela para relacionar a música e a poesía? —volveu interromper Inglesa—. Mesmo redactou un traballo titulado *O outro lado da música, a poesía*, que relaciona a música coa poesía galega ao longo da historia.



Violino volveu beliscar as cordas, desta vez foron as catro case a un tempo.

—Inglesa, tócame a min, diaño de guitarra!

—Non te alporices! —replicoulle ofendida—. Á fin Rosalía está sempre presente na gran festa das letras e eu... ben sabes, moi preto dela. Non esquezas que se lle dedicou o primeiro Día das Letras Galegas. E celébrase todos os 17 de maio en recordo a cando ela publicou *Cantares gallegos*.

—Vale, descúlpome. É que teño un chisco de estrés con tanto choio. Veña, para entrarmos na sala seguinte, no tema dramático, propóñovos unha proba. Consiste en manifestar, con cara preocupada, a dúbida que tiña o príncipe Hamlet na traxedia escrita polo famoso autor inglés William Shakespeare:

Ser ou non ser, velaí a cuestión.

Fixérono tan ben que Violino, animado, proseguíu:

—Vexo que vos gusta o teatro. Tamén lle gustaba á nosa amiga, tanto que se atreveu a retomar os personaxes da traxedia de Shakespeare para a súa obra *As certezas de Ofelia*.

—E mais para un longo ensaio no que compara o Hamlet do autor inglés co do mindoniense Álvaro Cunqueiro! —volveu intervir Inglesa.

—A ti non hai pizzicato que te cale, eh! —resignouse Violino—. Vinde comigo á outra sala e berrade canda min:


Galegas, na escola, as letras que engaiolan!

Galegas, na escola, as letras que engaiolan!



Sala 4





Aquela sala era unha fraga máxica que ulía diferente. Daba a impresión de que alí podía pasar de todo. Violino quixo seguir descubríndolles as excelencias da súa compañeira nos camiños da arte e da vida:

—Luísa licenciouse en Filoloxía Galego-Portuguesa e mais en Hispánica. Iso si que foi estudar! Unha biblioteca a rebentar de libros! Naquela época universitaria agroumou a vea de escritora que a levaría a escribir artigos en xornais e revistas, publicar libros e gañar importantes premios literarios.

—Como o Premio de Poesía Espiral Maior... Na biblioteca da nosa casa temos ese libro: *En concreto* —dixo un home con fachenda.

—Pero escribiu moita máis poesía: *Música reservada, Ruído, Rota ao interior do ollo, Papagaio...* —reivindicou Violino.

—Si, sobre todo coñécese como poeta. De feito andaba a voltas cun libro de poemas cando finou: *As palabras ingrávidas*.



—Ai, Inglesiña, a ti a lingua colleuche rodas, non si? María Luísa de la Esperanza Villalta Gómez —aquí Violino pronunciou o nome completo para darlle máis énfase ao que ía dicir— foi moito máis ca unha poeta! Deixounos contos, novelas como *As Chaves do tempo...* Tamén foi dramaturga! Publicou cinco pezas teatrais! Ah!, e a propósito do teatro, en 1978 casou con Paulino Martínez Pereiro, compositor musical, escritor e profesor. E foi Paulino quen lle compuxo a música para a obra de teatro *O paseo das esfinxes*. A protagonista é Lisis... E agora, meus e miñas, hai que mollarse!

Os que levaban paraugas abrírono axiña, pero Violino non falaba de choiva, referíase a outra cousa. Quería que interpretasen un papel nunha obra de Luísa.

—Eríxome en director de escena! Necesito unha voluntaria ou un voluntario que faga de Lisis.



—Eu! —ofreceuse entusiasmada a pequena de ollada sabia.

—Colocádevos en dúas filas, deixando un camiño polo medio e mirando unha fila cara á outra!

Veña, a catro patas! Cabeza alta! Sodes esfinxes!

E Lisis pasou xogando cun aro e cantando polo corredor de miradas estrañadas, tal como lle indicara Violino:

*Fermosa cantaba
na casa do riso
os longos cabelos
chegaban ao mar,
os barcos xurdían
no fondo da alma
mais nunca seguían
aquele seu cantar.*

No momento de acabar, as «esfinxes» berraron todas a un tempo, en ton trágico, así llelo explicara o director de escena.

—Que cantas, Lisis?

—Non o sei.

Ao final da interpretación, recibiron o aplauso efusivo de Violino:

—Bravo, artistas!

—Quizais Luísa tivese un chisco de Lisis! —Inglesa volveu facerlle os coros ao seu compañeiro.

—Ou talvez Lisis teña un chisco de Luísa! —retrucou Violino.

E continuou—: En 1988 aprobou as oposicións para ser profesora de Lingua e Literatura Galegas de secundaria. Moito lle gustaba traballar coa rapazada! De feito, deixou unha fonda pegada no alumnado dos institutos de Oleiros, Ferrol e Sa-da po-los que pa-sou! E des-fois...

De repente, Violino comezou a falar máis amodo ata que enmudeceu. Quería falar, pero non lle saía a voz!

—Que che pasa? —berrou asustada a pequena observadora.


—Atópaste mal? —preocupouse un señor.

Violino sinalaba as súas cordas aterrado, pero non dicía nada.

—Non po-do se-guir fa-lan... —tateou á fin.

Axiña Inglesa lle achegou un vaso de auga, roñando polo baixo:

—Claro, queres contalo ti todo e logo pasa o que pasa...



Despois de beber o vaso enteiro, Violino recuperou a fala:

—Uf, que apuro! Xa pensei que quedara sen cordas como me pasara nun concerto. Concretamente en *Concerto para un home só*.

—Si, ben sei! —dixo a cativa de pelo mouro—. Pero foi divertido porque o concertista quedou sen violín diante do público, pero púxose a falar, a falar... e á xente gustoulle.

—E ti como o sabes, rapaciña? —preguntou alguén.

A nena de ollos verdes encolleu os ombros e, antes de que puidese responder, Violino beliscou as cordas e, case instantáneos, soaron catro pizzicatos tan seguidos que parecían o fogo cruzado de dúas metralladoras: pin pin, pan pun.

—Queríavos dicir que, ademais de falar galego e castelán, sabía alemán e francés, e dáblle ademais tan ben ao italiano que ata traduciu obras dende este idioma ao noso! *Mamma mia!* Estou seguro de que lle gustaría participar no noso desfile. Veña, vamos!

Galegas, na escola, as letras que engaiolan!

Galegas, na escola, as letras que engaiolan!



Sala 5



Aquela sala estaba en tebras. Non se vía nada, pero Violino seguiu a falar coma se tal cousa:

—Preocúpame que saíades coa idea de que á nosa escritora só lle interesaban os aspectos académicos —dixo Violino, xa totalmente repostado da afonía—. Nada diso!

*Todos os escritores
queremos ser Magos
(algúns tamén reis).*

—Tamén ti es mago e... —escapoulle a Inglesa que, por medo de meter a zoca, non rematou a frase.

—Alto! Atención! —dixo Violino beliscando o nariz, perdón, unha corda—. Para acceder á verdadeira sala cinco, cómpre recitar estas rimas que falan dos dous príncipes que habitan n'As *chaves do tempo*:

Este era un rei que tiña dous fillos
que non sabían soprar no ronquillo
nin no ronquillo nin no roncón;
para gaiteros, non teñen opción.

De súpeto atopáronse no medio e medio dunha manifestación, ou de varias! Os manifestantes, mozos, nenas, vellos... berraban coma unha soa voz:

—NON Á GUERRA! NON Á GUERRA!

E de novo apareceu ese carrusel que facía xirar e xirar todas as persoas que entraran no LIBRO DE LUÍSA VILLALTA. En cada esquina había reivindicacións diferentes.

Vestían fundas brancas lixadas de chapapote e protestaban contra as verteduras tóxicas no mar:

—NUNCA MÁIS! NUNCA MÁIS!



Noutro ángulo reclamaban máis dereitos para as nenas e as mulleres:

—SEI PENSAR POR MIN MESMA! EU TAMÉN NAVEGAR!

E o máis curioso foi que en cada unha das reivindicacións había unha moza que se parecía moito a Luísa, a mesma que tomou a palabra:

—Abandonemos pois as etiquetas. *A etiqueta comprime a alma! Non queremos cidades domesticadas! Só quen emprende camiños pode dar con descubertas!*

—Non me diredes que non era filósofa a miña amiga! —dixo Violino, dando por feito que era a mesma Luísa Villalta quen falara—. A min encántame esa faceta súa!

*Hai flores de Tempo
no xardín.
Mais, se as corto,
desaparecen.*

—Véxote moi satisfeito, Violino! —falou Inglesa.

—Estou supercontento coa vosa visita. Cantas amigas e cantos amigos teredes vós? Pois Luísa tiña e segue a ter unha morea. E agora tamén conta convosco. E nós con ela! Que marabilla vai ser ler e descubrir máis cousas da nosa Luísa a través da súa obra mentres eu acompaño os seus versos coa miña voz de violín! Agora só me falta cumprir un soño: conducir un tren turístico cos seus libros. Vagóns que recendan a tinta e papel cheo de poesía, de historias, de teatro, de ensaios, de traducións... Un tren que demostre que Luísa Villalta foi unha autora completa, que dominaba distintos xéneros.


—Primeiro terás que sacar o carné de maquinista! —lembroulle Inglesa con rexouba.

—Non, primeiro xogamos ao tren para cambiar de páxina. Enganchádevos tras de min e iniciemos a marcha co título dunha narración da nosa amiga:

*Pásman-se os - espec-tadores - cando - pasa o - tren
Pásman-se os - espec-tadores - cando - pasa o - tren*



Sala 6





—Meus e miñas! Esta visita ao LIBRO DE LUÍSA VILLALTA vai chegando ao cabo. Seguídeme! Imos atopar dúas saídas misteriosas: unha longa escaleira interior de títulos villalteses e o esvaradoiro que baixa polo canto deste pazo-libro e que tanto vos chamou a atención. Tedes que estrear as dúas cousas! Primeiro subamos por estes chanzos pintados:

Galegas, na escola, as letras que engaiolan!
Galegas, na escola, as letras que engaiolan!

Unha vez arriba, no eirado, volveron seguir as instrucións de Violino:

—Agora, intrépidas corsarias, valentes bucaneiros, baixade polo vertixinoso esvaradoiro!

E bulindo lanzáronse felices por aquela saída de emerxencia.

Axiña estiveron na praza. Nas fiestras da fachada do pazo encantado viron os seus rostros reflectidos e xogaron a despedirse. Mais aínda quedaba xente dentro.

De súpeto, baixou disparado Violino, que se ergueu decontado para se protexer da avalancha que viña detrás a fume de carozo. Acabaron unhas persoas por riba doutras coma froitas nunha macedonia.



Unha vez de pé e acaladas as risas, decatáronse de que a guitarra non se encontraba entre o grupo de visitantes.

—E Inglesa? —preguntáronlle a Violino.

—Non vos sei —respondeu perplexo.

—E a nena de ollos de loureiro e pelo escuro que tanto lle semellaba a Luísa? —volveron preguntar.

Sen agardar resposta, empezaron a buscalas coa vista ata que as descubriron lonxe camiñando da man:


—Inglesa! Luísa! —berraron.

A guitarra ganou a volta e contestoulles no nome das dúas con palabras de Rosalía:

Buscaime, rapazas,
velliñas, mociños,
buscaime antre os robres,
buscaime antre os millos,
nas portas dos ricos,
nas portas dos probes,
que aquestes cantares
a todos responden.

Nestas, desapareceron e sentiuse ao lonxe o seu cantar:


Canta!,
paxariño, can-
ta-de ponliña en pon-
la-que o sol se levan-
ta-polo monte ver-
de-polo verde mon-
te-alegando as her-
bas-alegando as fon-
tes...!



Coa mesma comezaron a dispersarse e un grupiño, que traía moi aprendida a cantarea do desfile, deu en pregoar:

Galegas, na escola, as letras que engaiolan!
Galegas, na escola, as letras que engaiolan!

A praza foise baleirando, as voces apagándose e Violino acenou un adeus coa man. Deseguido, cerrou provisionalmente o libro. Agora estase a preparar para recibir novas visitas. Seguirá a falar de Luísa Villalta porque aínda queda moito e bo por descubrir desta galega que sementou moito amor á nosa lingua e á nosa cultura. Neste ano 2024 agroma especialmente vizosa, cal herbiña ventureira, en todos os colexios de Galicia.




Violino, Inglesa e o libro xigante. Pequena biografía de Luísa Villalta baséase na vida da autora á que a Real Academia Galega lle dedica o Día das Letras Galegas 2024.

Os textos que aparecen en cursiva son citas literais da obra da escritora.

Este relato forma parte de Primavera das Letras, o proxecto da Real Academia Galega para o público infantil. Pode descargarse en primaveradasletras.gal, onde a institución ofrece tamén actividades interactivas, fichas para colorear e outros recursos sobre Luísa Villalta e a lingua e a cultura galegas dirixidos ao público máis novo.





Primavera das Letras 2024



REAL ACADEMIA GALEGA



Deputación
DA CORUÑA